

Circular Xullo 2018

2018-07-06

DECLARACIÓNS 2º TRIMESTRE 2018:

Deben remitirnos as facturas para realizar as declaracións do segundo trimestre do 2018 e no caso das sociedades deben remitirnos tamén os extractos bancarios ata o 30/06/2018.

Recordamoslles que as declaracións se envían a través de internet a A.E.A.T., polo que se reduce o prazo para a presentación dos trimestres, pasando do día 20 de cada trimestre o día 15, polo tanto deben remitir a documentación o antes posíbel pois do contrario as declaracións poderán ir presentadas fora de prazo.

ACTAS E DECLARACIONES DE SOCIEDADES E DEPOSITOS CONTAS 2017:

Durante o mes de xullo, deberán asinar as Actas da Xunta Xeral celebrada no mes de xuño, de aprobación de contas que teñen que asinar todos os socios para incluílas no libro de actas.

Ademáis depositaranse as Contas Anuais do 2017 no Rexistro Mercantil, estas terán que ser asinadas polos Administradores e pagarase unha taxa en torno aos 38,75 euros, que pasaremos ao cobro na factura do mes de agosto. O mesmo tempo ata o 26 de xullo haberá que declarar e ingresar o imposto de sociedades na cuantía que xa lle informamos no seu día no caso de que lle resultara a pagar.

SUBVENCIONES DO PROGRAMA BONO AUTONOMO 2018

Volveron saír as axudas para autónomos que leven de alta 42 meses, con rendimentos netos entre 12.000 e 30.000 euros, con dúas liñas de actuacións: unha para diversos plans de negocio, e outra de investimentos: compra de maquinaria, ferramentas, reforma de local, equipos informáticos, rótulos, aplicación informática e logotipo.

Si están interesados poñanse en contacto con Nós para informalos.

XORNADA INTENSIVA DAS OFICINAS A PARTIR DO 18 DE XUÑO:

Recordamoslles que a partir do luns día 18 de xuño, iniciamos a xornada intensiva de verán cun horario de 8 da mañá ata 15:00 da tarde.